



# COSTA DE LAXE

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2020




**Distancia:** 32 km (ida e volta) + camiñadas  
**Dificultade:** baixa

- 1-Punta da Area
- 2-Praia e enseada de Laxe.  
Brañas Mouras.
- 3-Vila e porto de Laxe
- 4-Punta Besugueira
- 5-Punta da Ola
- 6-Punta do Costado
- 7-Punta de Terralonga
- 8-Monte da Ínsua.  
Punta da Cruciña. Cabo de Laxe.
- 9-Carreiro Bo. Furna da Escuma.  
Pedra dos Namorados.  
Pichón da Gaivota.
- 10-Enseada Baleeira.  
Praia dos Cristais.  
Coído Arbaliño.
- 11-Ínsua, furnas e carreiro  
de Morelo
- 12-Petón do Castro.  
Punta de Cal do Castro.  
Punta Carreiroa.
- 13-Rego, praia e furna de Soesto
- 14-Punta de Catasol
- 15-Praia e furna do Castrallón
- 16-Illa Ataín
- 17-Praia e furna do Arnado
- 18-Illa Teixoeira.  
Furnas da Fonte Pía.
- 19-Seo da Mexadoira,  
furnas e fervenza
- 20-O Paio
- 21-Praia e lagoa de Traba
- 22-Punta Corveiro
- 23-Punta da Cruz de Rosa
- 24-O Cabezo. Punta das Pías
- 25-Rego da Albariza

O concello de Laxe está situado no corazón da Costa da Morte, entre a ría de Corme e Laxe e o litoral de mar aberto. Ten unha costa moi diversa na que se alternan grandes areais e marismas (Laxe, Traba), rías (Corme e Laxe), enseadas (Laxe, Baleeira), cabos (Laxe, Catasol), illotes, furnas... con tramos expostos e protexidos, zonas baixas e elevados cantís. Unha área de grande interese paisaxístico, xeolóxico e biolóxico.

As principais actividades son os servizos (especialmente o turismo), a pesca e a agrogandaría.

Acolle importantes valores naturais: a costa, protexida no LIC/ZEC e ZEPA "Costa da Morte" e a PAISAXE PROTEXIDA "Penedos de Pasarela e Traba".



## LIC COSTA DA MORTE

Espazo que comprende o litoral coruñés dende Cabo Fisterra ata Arteixo. Dada a diversidade da costa atopamos tamén diversidade de ecosistemas: costa rochosa, costa areosa, dunas (fixas e móbiles), coídos, enseadas, marismas, esteiros, lagoas litorais... nos que habitan moitas especies de interese.


A vexetación de cantís, dunas e marismas está moi especializada e pódense atopar numerosas especies e subespecies endémicas da zona.

Destaca a presenza de *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecia*, *Linaria polygalifolia* subsp. *aguillonensis* (endemismos da provincia da Coruña).

En canto á fauna hai que destacar a gran riqueza dos hábitats costeiros e o número de aves acuáticas, moitas delas invernantes que se concentran nos cantís e nas zonas húmidas.



Escribenta nival (*Plectrophenax nivalis*) na praia de Traba.



Praia de Soesto co cabo de Laxe ao fondo

*Spiranthes aestivalis*, orquídea de pequenas flores dispostas en espiral arredor do talo que podemos atopar en Traba.



## RÍA DE CORME E LAXE


Ábrese entre as puntas Roncudo (ao norte) e Laxe (ao sur), na saída ao mar do río Anllóns.

Nesta ría pódense distinguir dúas áreas diferenciadas: o interior, formado polo esteiro do Anllóns, protexido da forza do mar por unha barra de área de 2 km e o resto do espazo, máis aberto, rochoso e recortado con algunhas zonas abrigadas nas que hai praias. As vilas máis importantes son Corme, no norte, Ponteceso, no fondo do esteiro do Anllóns, e Laxe, no sur.

Vista da zona exterior da ría desde o cabo de Laxe.

O Cabo de Laxe e O Roncudo marcan os límites da Ría.

Laxe outro dos puntos emblemáticos da Costa da Morte, ten un litoral variado, irregular, fortemente erosionado polo traballo constante do mar e o vento que escaravellan nas rochas furando e afundindo as partes menos resistentes, creando multitude entrantes, saíntes e furnas nas zonas rochosas e acumulacións de area nos seos abrigados coas que forma e mantén fermosas praias



Vista da ría coa vila e o cabo de Laxe

## PERCORRIDO

Propoñemos un percorrido en coche para achegarse a algúns dos puntos máis destacados e accesibles.

Chegando a **Laxe** desde Cabana xa temos unha fermosa panorámica da vila e da praia, moi preto de onde se atopa o límite do concello, e un bo sitio para unha primeira parada. Un pouco máis adiante cruzamos o río que desauga na praia e forma á esquerda da estrada unha lagoa e o **humidal das Brañas Mouras**. No centro da vila volvemos á beira do mar e a facer outra parada e chegamos ao o **porto** ao abrigo do seu impresionante espigón defensivo. Desde a zona portuaria podemos subir á rúa da parte alta da vila que é a estrada que vai ao **faro**, unha parada indispensable para ver a costa exterior e a ría. De volta do faro e xusta antes de chegar ás primeiras casas, temos un desvío á dereita e unha área de lecer desde onde hai unha boa vista, e por onde nos achegamos ao cemiterio que ten ao pé a **Praia dos Cristais** e a uns 500 m, polo camiño da dereita, a

**Pedra dos Namorados** e a **Furna da Escuma**. Unha parada interesante, para a que hai que atopar o camiño e seguir a indicación da **capela de Santa Rosa**, é a que se pode facer ao pé da capela para achegarse ao muíño de vento e para gozar, desde o alto, das vistas da vila, a praia e a enseada. Para continuar a ruta, de volta na vila, collemos a estrada de Camariñas e nela, en **Soesto**, o desvío á praia: un grande areal e fermoso sistema dunar que se prolonga cara arriba polas abas da contorna. Desde a praia cunha camiñada podemos ir ata as **praias do Arnado** e do **Castrallón** pequenas e recollidas e, maiormente a última, cunha curiosa estrutura e formas nas rochas. Da praia de Soesto temos que volver á estrada principal e seguir cara a Camariñas para coller máis adiante o desvío a Boaña e irmos á punta do norte da **praia de Traba**. Se choveu hai pouco tempo podemos achegarnos ao **seo da Mexadoira** con furnas e a caída ao mar, nunha fermosa ferverza, dun pequeno rego que só leva auga en cantidade despois das choivas. De volta no coche collemos, á dereita, a primeira pista asfaltada, unha longa recta que vai por detrás da praia e da lagoa, á que hai desvíos máis ou menos na metade, dunha punta á outra do areal ata enlazar na estrada que vai a Mórdomo na punta do sur da praia onde faremos outra parada. Desde aquí podemos facer unha pequena camiñada para ver as curiosas formacións rochosas das **Puntas da Cruz de Rosa, Os Altariños, O Cabezo e As Pías**. Tamén é interesante subir aos Penedos de Traba para ter unha fermosas vistas da praia e lagoa de Traba. De Mórdomo imos á estrada principal pola que volvemos, agora sen desvíos a Laxe onde rematamos despois de percorrer uns 30 km en coche e camiñar o que nos parecera de interese.



1-Punta da Area



2-Praia e enseada de Laxe



Na praia de Laxe existiu unha **explotación de caolíns** desde o 1920. En 1939, rematada a Guerra Civil Española, Isidro Parga Pondal, tras ser expulsado polo novo réxime da Universidade de Santiago de Compostela, na que exercía como profesor de xeoquímica, establécese en Laxe, onde crea o Laboratorio Xeolóxico e faise cargo da dirección da empresa de caolíns. Arredor de 1940 descobre e pon en explotación o xacemento de Coéns, e trasladan o mineral por medio de vagonetas suspendidas dun teleférico cos cables sobre grandes postes de formigón ata as instalacións da praia de Laxe, onde estaban as naves de escollido, lavado e secado do material, xunto cos talleres, garaxes e oficinas da empresa.

A empresa funcionou ata finais da década de 1970, dando emprego a centenaes de persoas da comarca. Das instalacións extractivas e produtivas hoxe en día sobreviven a cheminea da praia, algúns postes de formigón por Sarces e Serantes, e a lagoa que ocupa o xacemento de Coéns. O transporte das arxilas facíase por mar cara a Santander, País Vasco e Castellón, ademais de envío a Catoira e Vigo para a industria cerámica.



Praia e vila de Laxe. A praia mide 1.320 m de lonxitude e conserva un bo sistema dunar. A vila de Laxe, situada ao abrigo da punta Ínsua, ten un importante porto dedicado ao marisqueo e á pesca do cerco, volantas, palangres e outras artes menores.



3-Vila e porto de Laxe. Ao fondo o outeiro sobre o que se atopan os restos dun muíño de vento.



Brañas Mouras e rego de San Amedio



Vista desde a capela da Santa Rosa



4-Punta Besugueira



5-Punta da Ola



6-Punta do Costado



7-Punta de Terralonga



8-Monte da Ínsua.  
Costa do Cabo de Laxe



Punta da Cruciña



Cabo de Laxe



Faro no Cabo de Laxe



9-Carreiro Bo




Furna da Escuma



Pichón da Gaivota



Pedra dos Namorados, onde existe a tradición de grabar os nomes nas rochas.



10-Enseada Balieira



Coído Arbalíño



Praia dos Cristais



11-Ínsua, fumas e carreiro de Morelo



12-Petón do Castro



Punta de Cal do Castro



Punta Carreiroa





13-Rego, praia e fuma de Soesto  
A praia Soesto, de 860 m de lonxitude, ten un sistema dunar moi ben conservado con dunas remontantes de considerable altura.





14-Punta de Catasol



15-Praia e furna do Castrallón



16-Illa Atáin



17-Praia e fuma do Arnado




18-Illa  
Teixoeira





Furnas da Fonte Pía



19-Seo da Mexadoira, furnas e fervenza



20-O Paio



21-Praia e lagoa de Traba.  
Unha barra de area pechou a saída ao mar dos ríos Traba e Rioval, formando unha lagoa, actualmente moi colmatada. A praia, de 2.630 m de lonxitude conserva un amplo cordón de dunas fixadas pola vexetación.



Rego de Traba




Praia e lagoa de Traba

A lagoa de Traba está rodeada por unha densa vexetación acuática onde se refuxian as aves. Ocasionalmente visitana aves invernantes pouco comúns nas costas galegas.




Vista da lagoa e praia de Traba, desde os Penedos de Traba.




**PAISAXE PROTEXIDA Penedos de Pasarela e Traba (12-1-2009).** Espazo de 212 ha que inclúe unha ringleira de cumes que se estenden con dirección norte-sur entre os lugares de A Costa (Traba, Laxe) e O Penedo (Pasarela, Vimianzo).  
**VALORES NATURAIS:** penedos graníticos con formas curiosas producidos pola erosión, vistas sobre a costa de Traba.



Punta Corveiro, rego do Río Vao e praia de Traba





22-Punta Corveiro



23-Punta da Cruz da Rosa





23-Punta da Cruz da Rosa





Entre a punta da Cruz de Rosa e a punta das Pias atópanse numerosas e curiosas formacións rochosas






24-O Cabezo



Da Pedra dos Altariños á Punta das Pías



Enseada de Sabadelle e punta das Pias

25-Rego da Albariza